

CRÍTICA OISEAU REBELLE
JULIO CASTRO - LA REPÚBLICA CULTURAL
SALA TRIÁNGULO - MADRID

<http://www.larepublicacultural.es/article6055.html>

Julio Castro – laRepúblicaCultural.es

El dibujo en el suelo del esquema de un órgano visceral puede dar paso a la poética del corazón en formato de teatro-danza, porque en este caso, Paulina Funes y Cristina Balboa entretejen su parte artística con la vivencial, a través de un humor que conduce toda su composición durante el espectáculo.

Por eso no hay inconveniente en echarse una partida de tenis con un corazón fresco como pelota, ya que, al fin y al cabo, hasta se puede trinchar y cocinar. Un toque de surrealismo clásico se asoma a través de cada acción y diálogo de este teatro contemporáneo, en el que la danza tiene un peso importante, de manera que ambas se distribuyen la tarea en escena. Ya desde el inicio, en el suelo con su carboncillo, Paulina se mueve en pos de una coreografía que apenas apunta, pero que luego irá desarrollando, mientras Cristina concede más peso al texto y la acción teatral.

Entre videos de la propia Cristina (y en algún caso de Paulina) se van produciendo intercambios, diálogos en la que se psicoanalizan como en una terapia individual o compartida, abierta al público y en la que intervienen ambas, con otro sentido de lo peculiar peculiar: es como un desdoblamiento de la personalidad el que trata de solventar los problemas afectivos.

Las confesiones de la afectividad y la sexualidad juvenil sirven de excusa para danzar con los ojos tapados, mientras buscan el amor a ciegas, pero también sirven para condimentar y sazonar el corazón y servirlo al público.

Como sorpresa, me llama la atención cómo introducen la grabación de video a modo de conversación, ya que hace apenas unos días, en La Realidad, Denise Despeyroux y Fernanda Orazi, en su estreno reciente, hacían precisamente lo mismo (bastante más elaborado, ya que era la base de su trabajo). Es un recurso interesante que tocan durante apenas un fragmento del trabajo, y no precisan de más, ya que sus discursos verbal y corporal son suficientes para dar contenido a la propuesta. En cuanto a la interacción con el público, tal vez deba reforzarse o dejarse de lado, aunque ya sabemos que un público más pasivo puede ser más difícil de conducir, pero eso no se elige.

La compañía, fundada y compartida por la gallega de Cambados, Cristina Balboa, y la argentina de Mendoza, Paulina Funes, tiene un buen equilibrio escénico en el que cada cual pone su especialidad, para compartir espacios comunes en el recorrido, aunque estoy convencido de que su afán multidisciplinar las llevará a realizar composiciones más complejas y con diversos medios, pese a que, como en este caso, se bastan consigo mismas y poco más para lograr un buen resultado.

Crítica "Oiseau Rebelle"

por Inma López Silva - Revista Tempos

Rebeldes

Título: Oiseau rebelle

Compañía: Funboa Escénica

Dirección, creación e interpretación: Cristina Balboa e Paulina Funes

Textos e vídeo: Cristina Balboa

Espazo escénico e vestuario: Funboa Escénica

Iluminación: Paulina Funes

Asistimos hoxe en día a algo moi interesante que está a suceder no teatro galego: os discursos femininos (e feministas) irrompen ao mesmo tempo e da man das linguaxes máis contemporáneas, sempre suxestivas, frescas e esperanzadoras. Seguindo a liña de Matarile ou Nu?, xorden aquí e acolá compañías que, sinxelamente, defenden que é posíbel un teatro distinto dos veludos e os dourados, que conte aos públicos outras historias e que manteña unha relación distinta coa nosa tradición, construíndo para todos nós un teatro novo que aporta outras sensacións, outras formas de identidade e que introduce discursos que se agradecen nun panorama que, despois de máis de vinte anos, comezaba a ser máis do mesmo, construído coas mesmas correccións e coas mesmas intencións, e esquivando dunha estraña forma a mocidade refrescante, innovadora e a conseguinte posibilidade de trabucarse e, desde logo, rebelarse e revelarse.

Funboa Escénica é unha desas compañías que sorprende e agrada, unha especie de descuberta nestes tempos de crise cun teatro áxil que foxe de encorsetarse no hermetismo de linguaxes incomprensíbeis para pór en escena todo un dispositivo de formas de expresarse cun único fin, contarlle ao público non unha historia, senón unha maneira completa de ver o mundo. O seu espectáculo Oiseau rebelle vai xustamente nesa liña provocadora que, simplemente, expresa doutra maneira a condición feminina ante o amor. Cristina Balboa e Paulina Funes, as actrices factotum deste espectáculo, desenvolven personaxes que xogan coa idea posdramática da confusión entre persoa e personaxe para centrar a atención do público nunha idea de construción persoal, de aproveitamento das aparencias coas que elas crean todo un mundo presidido, a modo de provocación, por un corazón de animal que non só se exhibe, senón que tamén serve para xogar, manexar e mesmo comer, en metáforas creativas, intelixentes e, sobre todo, conmovedoras. As actrices poñen en marcha todo un dispositivo de significantes para que nós, espectadores, non teñamos ningunha dúbida de que asistimos a un teatro sobre elas mesmas ou sobre nós, todas, onde, coma na vida mesma, cántase, fálase, chórase, e báilase co fin de mover o espectador da súa impasibilidade ante o teatro e ante o mundo. Interesoume especialmente o uso do vídeo, nun momento verdadeiramente memorábel da peza no que as actrices crean un alter ego a través dun personaxe non representado, senón filmado, que se parece perigosamente á súa conciencia. É un momento divertido pero, sobre todo reflexivo, no que fóra da

coherencia co resto do argumento da peza (que tamén está), entendemos a coherencia do propio teatro co seu contexto, coa sociedade na que este teatro xorde: no uso do vídeo está a lingua española como elemento da personalidade disgregada de todo galego, está o relato dos micromachismos de aquí e de agora que nos amolan, e está a dúbida constante entre o que somos e o que queremos ser, mesmo parecer, constantes temáticas de Oisseau rebelle aí recollidas de forma correcta e, sobre todo, enxeñosa.

Vaian velo (e non vaian ceados, que o espectáculo é un auténtico banquete de corazón en estado puro).